Os/As alumnos/as terán que demostrar un bo coñecemento de estruturas gramaticais e vocabulario axeitado ao nivel que cursan. Terán que ser capaces de comprender e contestar correctamente aos diferentes tipos de textos escritos e orais. Serán capaces de resumir, traducir, identificar o tema principal e extraer información dos mesmos. Terán que expresarse oralmente e por escrito nun inglés correcto e fluído, de forma coherente e utilizando os elementos correctos de cohesión do discurso.

Contidos gramaticais: verbos to be e have, there is/are, o artigo a/ an/ the, quantifiers some/ any/ much/ many/ few/ little, números, horas, datas, preposicións de tempo e lugar, determinantes e pronomes posesivos, Saxon Genitive, pronomes suxeito e obxecto, presente simple e continuo, imperativos, pasado simple e continuo, futuro con will/ be going to/ presente continuo. Expresión "used to", present perfect, past perfect, adverbios, adverbios de frecuencia e verbos modais.

Contidos léxicos: vocabulario relacionado cos temas tratados na aula, fórmulas e expresións do sector profesional e vocabulario específico.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A avaliación é continua polo que non haberá recuperacións da primeira e segunda avaliación se fose o caso. Terase en conta o progreso do/a alumno/a durante todo o curso. Os contidos iranse acumulando nas sucesivas probas escritas e orais, facendo así que a materia sexa continua, formativa e integradora.

No caso do alumnado co módulo pendente, o profesor proporcionaralle tarefas para mellorar as súas competencias lingüísticas en inglés, estes resultados formarán parte da avaliación global do/a alumno/a. Para que o alumnado coa materia pendente sexa avaliado de forma positiva deberá acadar no exame un 5. Tamén poderase valorar de forma positiva a entrega de tarefas que o profesor que imparta a materia no curso actual lle proporcione antes do exame. Estas tarefas deberán entregarse nos prazos sinalados polo profesor actual da materia.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado con perda de dereito a avaliación continua terá que demostrar os seus coñecementos e destrezas comunicativas na proba final de curso. Os mínimos exigibles e o tipo de exame serán os mesmos que para o alumnado que non perdeu o dereito á avaliación continua.

Debido ao número de alumnos que concorren á mesma hora e no mesmo espazo ao exame final de Xuño, consideramos que a proba de expresión oral (Speaking) é inviable; polo tanto, o exame costará das seguintes partes:

Gramática e Vocabulario: 35 %
Reading (comprensión escrita): 25 %
Writing (expresión escrita): 30 %
Listening (comprensión oral): 10 %

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A programación terá que ser revisada e retocada de forma constante segundo vaia evolucionando o curso. Esta revisión estará baseada na propia experiencia do profesorado que, terá en conta o nivel dos grupos e fará un seguimento mediante a observación diaria na aula e a análise dos resultados académicos obtidos ao remate das avaliacións. En canto a experiencia dos docentes, temos reunións periódicas nas que o profesorado indicará o grao de cumprimento da programación, as dificultades dos grupos ou de determinados alumnos nas aprendizaxes e as adaptacións que tiveran que facer con respecto á avaliación inicial. Os resultados académicos serán estudados por avaliacións sendo indicadores dos progresos do alumnado na materia. Se estes resultados foran insatisfactorios en porcentaxes elevadas, obrigaríanos á toma de decisión de cambios na programación, ben nos contidos, ben nas estratexias ou nos estándares de aprendizaxe. Ao longo dos trimestres haberá que valorar a adecuación da programación e valorar os resultados académicos tanto a nivel de departamento como a nivel individual.

INDICADORES DE LOGRO: Non conseguido/ Conseguido parcialmente/ Totalmente conseguido

* Programación didáctica: Non se adecúa ó contexto da aula./ Adecúase parcialmente ó contexto da aula./ Adecúase completamente ó contexto da aula.

* Plans de mellora: Non se adoptaron medidas de mellora tralos resultados académicos obtidos./ Identificáronse as medidas de mellora a adoptar

tralos resultados./ Adoptáronse medidas de mellora segundo os resultados académicos obtidos.

* Medidas de atención á diversidade: Non se adoptaron medidas de atención á diversidade adecuadas./ Identificáronse as medidas de atención á diversidade a adoptar./ Adoptáronse medidas de atención á diversidade adecuadas.

* Temas transversais: Non se traballaron tódolos temas transversais na materia./ Traballáronse a maioría dos temas transversais na materia./ Traballáronse tódolos temas transversais na materia.

* Programa de recuperación: Non se estableceu un programa de recuperación para os alumnos./ Iniciouse o programa de recuperación para os alumnos que o necesiten./ Estableceuse un programa de recuperación eficaz para os alumnos que o necesiten.

* Obxectivos da materia: Non se alcanzaron os obxectivos da materia establecidos./ Alcanzáronse parte dos obxectivos da materia establecidos para o curso./ Alcanzáronse os obxectivos da materia establecidos para este curso.

* Competencias : Non se desenvolveron a maioría das competencias clave relacionadas coa materia./ Desenvolvéronse parte das competencias clave relacionadas coa materia.

/ Logrouse o desenvolvemento das competencias clave relacionadas con esta materia.

* Práctica docente: A práctica docente non foi satisfactoria./ A práctica docente foi parcialmente satisfactoria./ A práctica docente foi satisfactoria.

* Programa de mellora da práctica docente: Non se deseñaron programas de mellora para a práctica docente./ Identificáronse os puntos para deseñar un programa de mellora para a práctica docente./ Deseñáronse programas de mellora para a práctica docente.

* Materiais e recursos didácticos: Os materiais e recursos didácticos non foron os adecuados./ Os materiais e recursos didácticos foron parcialmente adecuados./ Os materiais e recursos didácticos foron completamente adecuados.

* Distribución de espazos e tempos: A distribución dos espazos e tempos non foi adecuada ós métodos didácticos e pedagóxicos utilizados./ A distribución dos espazos e tempos foi parcialmente adecuada ós métodos didácticos e pedagóxicos utilizados./ A distribución dos espazos e tempos foi adecuada ós métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.

* Métodos didácticos e pedagóxicos: Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados non contribuíron á mellora do clima da aula e do centro./ Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron parcialmente á mellora do clima na aula e do centro./ Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron á mellora do clima na aula e do centro.

* Resultados da avaliación Os resultados da avaliación nesta materia non foron satisfactorios./ Os resultados da avaliación nesta materia foron moderados./ Os resultados da avaliación nesta materia foron satisfactorios.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Durante as primeiras semanas do curso comprobarase o nivel de competencia inicial dos alumnos mediante a realización ben dunha proba escrita (diagnostic test) ou ben oral, a criterio do profesor e dependendo do coñecemento do grupo pola súa parte. Esta proba terá como referente os contidos dos cursos anteriores. Ademais, a observación será tamén un elemento clave para esta avaliación inicial.

A análise dos resultados destas probas servirán ao profesor para establecer o punto de partida e permitiranlle enfocar mellor as clases, insistindo máis naqueles aspectos nos que os alumnos teñan máis carencias e ofrecéndolles ferramentas e estratexias coas que poder superar as dificultades. Tamén lle permitirá adecuar mellor a metodoloxía e as actividades aos intereses e aos estilos de aprendizaxe dos alumnos.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

É claro que a mesma acción educativa exercida sobre o mesmo grupo de alumnos ten efectos diferentes en función do coñecemento e experiencia previa de cada un deles, as súas capacidades intelectuais e os seus intereses e motivacións no ensino. Na nosa práctica docente partiremos de catro ámbitos de diversidade para tratar de chegar a todo o alumnado:

- Capacidade para aprender: cada alumno/a ten o seu propio ritmo de aprendizaxe. Partimos da base de que todos son capaces de alcanzar un

nivel mínimo, sempre que sigan un ritmo sostido de traballo, que pode ser diferente para cada un. Por iso é importante incluír sempre un repaso continuo de estruturas e vocabulario e ofrecer, se é necesario, tarefas de distinto nivel. Contamos tamén con recursos para o profesorado que ten material de reforzo e ampliación moi útil para atender á diversidade na aula, ademáis doutros recursos como pode ser Internet.

- Motivación para aprender: A motivación do alumno/a para aprender é moi diversa, sobre todo cando se trata dun idioma, xa que depende moito do historial de éxito ou de fracaso que tivese ata ese momento. En moitas ocasións, a motivación está directamente condicionada polo ambiente e polo contexto no que os alumnos se desenvolven. Tendo isto en conta, o material didáctico que selecciona o Departamento sempre está acorde a este criterio e debe abordar temas adaptados á súa idade, experiencias e contorno e, a poder ser, que fagan posible a implicación emocional dos alumnos/as, dado o noso convencemento de que cando se apela ao que directamente lles afecta e lles interesa, a resposta ante o estímulo está asegurada.

- Estilos de aprendizaxe: como é ben sabido, o alumno/a pode ser reflexivo ou impulsivo cando se enfrenta ás súas tarefas escolares. Algúns alumnos poden reaccionar moi rapidamente e non obstante necesitar varios intentos para asimilaren unha idea, mentres que outros poden traballar máis a conciencia e aprender máis amodo conseguindo o mesmo resultado. Este factor foi tido en conta dun modo sistemático. Por exemplo, á hora de ensinar as estruturas inclúense táboas e exercicios para aprender e repasar a gramática punto por punto, e tamén unha ampla repetición e práctica en distintas situacións para aqueles alumnos/as que non usen tanto o estilo analítico cando aprenden. Pensando nos diferentes estilos e niveis de desenvolvemento das capacidades de aprendizaxe buscaranse actividades que dan cabida aos distintos estilos de aprendizaxe, enmarcadas nunha secuencia de estratexias para que desenvolvan a súa autonomía en cada destreza comunicativa. Por iso fomentamos a reflexión dos alumnos/as sobre a súa propia aprendizaxe, para que sexan conscientes do seu progreso e tamén aprendan de xeito máis efectivo; isto implica unha maior motivación e responsabilidade por parte do alumnado.

- Intereses do alumnado: o seu interese por aprender un idioma varía moito dependendo da súa motivación e/ou necesidade de facelo. As funcións lingüísticas serán seleccionadas co fin de que as poidan poñer en práctica nun futuro próximo.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Dentro das posibilidades que ofrece o ensino dunha lingua estranxeira o método que seguimos ofrece, a través do seu contido, a selección dos seus temas, textos e situacións de interacción entre alumnos, oportunidades para introducir aspectos dos elementos transversais ao longo do proxecto.

Promoverase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Promoerase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que alicerzan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto aos homes e mulleres por igual, ás persoas con discapacidade e o rexeitamento á violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe comprender en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.

Os currículos incorporarán elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, o abuso e maltrato ás persoas con discapacidade, as situacións de risco derivadas do inadecuado emprego das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes.

Tamén se incorporarán elementos curriculares orientados ao desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor, á adquisición de competencias para a creación e desenvolvemento dos diversos modelos de empresas e ao fomento da igualdade de oportunidades e do respecto ao emprendedor e ao empresario, así como da ética empresarial. Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permita afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Adoptaránse medidas para que a actividade física e a dieta equilibrada formen parte do comportamento xuvenil. Promoverase a práctica diaria de deporte e exercicio físico por parte dos alumnos e alumnas. Potenciarase actitudes que permitan unha mellor calidade de vida. Desenvolverase contidos e actitudes de interese, respecto e valoración referidos as linguas e as súas variedades e as diferentes culturas.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Asistencia á proxección dunha película en versión orixinal con subtítulos a un cine cercano ao Centro. Se non se puidese facer, poderíamos proxectar algunha película na clase.
- Outras actividades que se poderían organizar ou nas que o departamento podería participar se as circunstancias o permitisen:
- Actividades relacionadas con eventos culturais de orixe anglo-saxona: Halloween, Christmas, Thanksgiving Day, St Patrick's Day, St Valentine's Day, etc. e distintas conmemoracións como por exemplo: día da Paz, día da poesía, día do libro, etc.
- Traballar con cancións e vídeos en lingua inglesa.
- Traballo puntual coa auxiliar de conversa, se é posible, porque sería fora do seu horario oficial.
- Xogar ao Kahoot!

10. Outros apartados

10.1) Metodoloxía

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

Aspectos xerais:

As bases metodolóxicas que inspiran a nosa práctica docente son as seguintes:

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos; centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade e o benestar co interese e a maxinación.

O alumnado pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

A aprendizaxe a nivel de competencias persegue o desenvolvemento do potencial do alumnado, das súas capacidades, preparar ao alumnado para que poida afrontar os retos persoais ó longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicarlos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir tódolos aspectos da vida, facendo que os alumnos non só sexan capaces de aprender, senón, entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir e de aprender a facer.

O alumnado aprende de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso trataremos que tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día.

A aprendizaxe do alumnado é maior e de máis calidade se se basea na actividade; eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. O alumnado é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade construtivista depende da intervención do profesorado. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ó nivel que mostra o alumnado, debendo: iniciar o input da lingua, axudar ó individuo na interacción cos demais, avaliar o que fai o alumnado, proporcionar retroacción, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para eles, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro acontece como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. Entendemos que os erros se producen cando o alumnado anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfire regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer

unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríxense ao finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode acontecer a un falante nativo. Non paga a pena corrir as equivocacións porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade da aprendizaxe. Papel do profesorado como guía e facilitador; este estimulará o ensino vivo na aula, onde o alumnado sexa o elemento activo e o profesor o asesor da súa actividade. Serán os alumnos os que pregunten, corrixan erros, adiviñen, busquen información, etc. en xogos, dramatizacións, cancións e outras moitas actividades. Este deberá utilizar unha linguaxe axeitada ás necesidades do alumno e presentarlle, na medida do posible, o maior número posible de situacións reais. Desta forma favoreceremos a motivación do alumno e o seu interese pola aprendizaxe da lingua.

Concrecións:

Na nosa práctica docente seguiremos un enfoque integrado, o cal significa que a aprendizaxe estará centrada no significado. Isto implica que a gramática, vocabulario e pronunciación non se ensinan de forma illada, senón a través das catro destrezas. O obxectivo do ensino do inglés é que os alumnos manexen estras catro habilidades da lingua de forma simple e real. Sen embargo, aínda que na vida real estas destrezas van unidas, na clase é necesario separalas para adicarlles o tempo necesario para desenrolalas.

A continuación describiremos o tipo de actividades que realizaremos en cada unha das partes:

- Vocabulario: O vocabulario novo aparecerá nos textos de lectura e nas audicións, así como nas actividades de gramática. Trataremos de reciclar o vocabulario en todas as unidades para facilitar a súa memorización.
- Gramática: As estruturas novas aparecerán nun contexto nos textos de lectura ou nas audicións. Trala explotación dos textos presentarase a estrutura gramatical mediante táboas e/ou outros apuntamentos. Cando o consideremos oportuno (dependendo da dificultade das estruturas), favoreceremos a indución das regras gramaticais, o cal reta aos alumnos a obter a forma e completar as regras mediante a análise e reflexión, desenvolvendo desta forma unha aprendizaxe máis independente. De novo, a reciclaxe será unha prioridade.
- Comprensión escrita (reading): esta destreza desempeña un papel importante na aprendizaxe de linguas. Os textos están graduados e proporcionan o obxectivo de proporcionar información interesante da maneira máis realista posible. Xeralmente estes textos están gravados, por tanto favoreceremos tamén a destreza de listening. Practicaremos tamén a lectura en voz alta. A través destes textos introduciremos a gramática e o vocabulario. Os exercicios sucesivos son para que o alumno localice información específica e serán do tipo de verdadeiro/falso, contestar a preguntas, completar oracións coa información necesaria, etc... Tamén proporcionaremos textos máis curtos como modelos para as producións escritas e como contexto para actividades de comprensión e expresión oral.
- Comprensión oral (listening): esta destreza forma unha parte importante do desenvolvemento da linguaxe e contribúe a mellorar a produción oral. Tendo isto en conta, intentaremos ofrecer o maior número posible de oportunidades para realizar esta práctica, mediante actividades de audición específicas, a escoita de textos escritos, a utilización de actividades de vídeo, actividades de pronunciación, ditados, etc.
- Expresión oral (speaking): o profesor, ben a través do libro de texto ou outros recursos, ofrecerá ao alumno multitude de oportunidades para que participe en actividades practicando a precisión e a fluidez. Con algunhas das actividades de inicio da unidade/clase retaremos aos alumnos a activar a linguaxe conectando co tema que se vai tratar. Haberá actividades de personalización nas que os alumnos expresen a súa opinión ou relaten experiencias persoais. Outras permitirán aos alumnos practicar a linguaxe que estiveron aprendendo dunha forma máis libre e personalizada. Moi importante tamén serán as actividades nas que se poña en práctica a linguaxe funcional de uso común nun contexto práctico e real: para iso, realizarán actividades en parella ou grupos tipo roleplays e outras simulacións. Por último, tamén se fará fincapé na pronunciación a través da práctica de sons específicos, acentuación nas palabras, nas frases e entoación.
- Expresión escrita (writing): as tarefas de composición cubrirán diferente tipoloxía textual e sempre adaptándose ao nivel do alumnado. Partiremos dun texto modelo cunha clara estrutura de parágrafos e con linguaxe clave da unidade e tamén con outros puntos clave como o emprego das distintas conxuncións, expresións de tempo, puntuación, etc... para conseguir que as composicións dos alumnos se fagan cada vez máis complexas e máis ricas. Este tipo de tarefas veñen sendo un dos exercicios que entraña máis dificultade para o alumnado xa que non só requiren un esforzo imaxinativo, senón tamén a nivel lingüístico, xa que se trata de escribir sen erros ortográficos e gramaticais e

empregando variedade de estruturas e léxico. Por todas estas razóns, faremos distintos tipos de redaccións: Composicións guiada: bo método para facer a tarefa máis sinxela. Unha posibilidade é utilizar unha composición na que falten palabras que cos alumnos xa coñezan e logo a completen, outra é utilizar fotografías con oracións escritas ao pé para que os alumnos escollan alternativas ou inventen parte da situación, etc...

Secuenciación habitual do traballo na aula: tipoloxía das actividades

- Actividades de inicio da lección (para activar coñecementos previos nos temas novos que se van traballar ou de repasar os xa traballados): actividades de brainstorming, de repaso, mediante xogos, intercambios comunicativos con soporte de flashcards, posters, cancións, videos etc.
- Actividades de desenvolvemento da lección (distintos tipos de actividades que apelan ás intelixencias múltiples e están destinadas a facilitar a adquisición, fixación, evolución e mellora das diversas destrezas que conforman a maior parte da competencia da lingua inglesa): actividades de vocabulario relacionado cos diversos campos conceptuais, lectura e comprensión de textos, exercicios gramaticais, práctica dos sons estudados, diversas actividades de comprensión e expresión oral e comprensión e expresión escrita.
- Actividades de avaliación: o profesor avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado e o seu logro das competencias coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente. As actividades de avaliación pódense clasificar en varios niveis:
 - a) Actividades de avaliación formativa, onde o profesor avaliará o traballo continuado dos alumnos.
 - b) Actividades de avaliación sumativa: coa realización de diversas actividades de avaliación
 - c) Actividades de autoavaliación e autoestudo, nas que o alumno se inicia en estratexias de autoavaliación dos seus coñecementos e destrezas.

10.2) Modalidade semipresencial

MODALIDADE SEMIPRESENCIAL

Obxectivos e contidos mínimos

Serían os que aparecen na programación ordinaria pero adaptándoos ás circunstancias do alumnado.

Metodoloxía

Na situación de que o alumnado non poidera asistir a todas as clases de forma presencial, a impartición da materia faríase coa seguinte metodoloxía:

Na clase ou clases presenciais:

1. intentaríase impartir aqueles contidos gramaticais e de vocabulario nos que a explicación dos profesores é máis necesaria e nas que se solventarían as dúbidas do alumnado.
2. traballaríanse tamén especialmente as competencias lingüísticas de expresión e comprensión oral .
3. explicaríanse con detalle as tarefas semanais, cómo facelas e cómo entregalas (ben por correo electrónico ou na aula virtual).

De xeito telemático:

1. o alumnado practicaría e reforzaría o explicado na aula accedendo aos recursos da Aula Virtual.
2. Na medida do posible, dadas as circunstancias, intentaríamos manter unha metodoloxía o máis activa, interactiva e dinámica posible.
3. As tarefas serían programadas polo profesorado e o alumnado enviaríaaas ben por correo electrónico, utilizando Drive ou subíndoas á aula virtual, a criterio do profesorado e tendo en conta as circunstancias particulares de cada alumno ou alumna.
4. Nos casos en que sexa posible, contactaremos co alumnado en algunha ocasión por videoconferencia para facer algunha aclaración, dar algunha explicación, resolver dúbidas ou levar a cabo algunha actividade. As tarefas serán devoltas polo alumnado habitualmente da mesma forma en que lle foron enviadas.

10.3) Modalidade non presencial

MODALIDADE NON PRESENCIAL

Obxectivos, contidos e estándares de aprendizaxe

Elaboraríase unha adaptación dos obxectivos, estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da programación ordinaria do departamento segundo o momento do curso en que non se poidera asistir ás clases e tendo en conta as circunstancias do alumnado.

Materiais e recursos

O alumnado tería acceso individual a:

- o libro de texto (Student's Book).
- á versión dixital do libro de texto de cada curso facilitado pola editorial, no cal dispoñemos de actividades de todo tipo (vocabulario, explicacións gramaticais, audios, vídeos, presentacións, actividades interactivas etc) e que son as mesmas que as que se utilizan na aula na versión proxectable. Unha das diferencias entre ambos e que o alumnado, lóxicamente, non ten acceso ás respostas das diferentes actividades.
- a actividades de diversa índole elaboradas polo profesorado e que estaría dispoñible na Aula Virtual do IES e/ou no dominio do IES de Google for Education.
- ás ferramentas de G Suite no dominio do IES de Google for Education, como Gmail (correo electrónico), Calendar (organización das tarefas), videochamadas por Google Meet.
- Horarios espello (60 minutos de clase por videochamada, e 40 minutos de aula virtual).

Metodoloxía

- Actividades na Aula Virtual do curso e entrega por parte do alumnado ao profesor ou profesora no prazo establecido por medio do correo electrónico.
- As actividades poden ser de repaso, reforzo, recuperación e/ou ampliación.
- As tarefas poden incluír actividades de gramática e vocabulario, reading (comprensión escrita), writing (expresión escrita), listening (comprensión oral) e speaking (expresión oral), enviando as súas grabacións.
- As tarefas serían corrixiadas e comentadas polo profesorado ou autocorrixiadas polos alumnos, cando a resposta sexa única.
- O alumnado que ata o momento da suspensión da actividade presencial non tivera acadado o grao dedesenvolvemento mínimo das aprendizaxes e das competencias imprescindibles para superar a materia de Inglés, tería a posibilidade de aprobar a materia mediante a realización das actividades de repaso, reforzo e recuperación, traballos e/ou probas de recuperación propostas polo profesor/a. Ditas tarefas terían que ser completadas e entregadas no prazo que se lle indicara cando lle foran asignadas as tarefas.
- Estas tarefas poderán ser diferentes para cada alumno ou alumna, dependendo dos diferentes graos de desenvolvemento das aprendizaxes e competencias imprescindibles que cada un deles pode ter acadado.
- Ademais destas tarefas específicas de recuperación, este alumnado fará, por norma xeral, as actividades que realice o conxunto da clase.

Avaliación e cualificación

Procedementos:

- Tarefas subidas polo profesorado na Aula Virtual do grupo e posterior entrega das tarefas por parte do alumnado.
- As tarefas poden incluír actividades de gramática e vocabulario, reading (comprensión escrita), listening (comprensión oral), writing (expresión escrita) e speaking (expresión oral).

Instrumentos:

Tarefas entregadas en prazo e forma.

Cualificación:

- As tarefas entregadas fora do prazo de presentación non serán cualificadas.
- As tarefas deberán estar resoltas nun 75% ou na meirande parte para ser cualificadas positivamente.
- Os exercicios de produción escrita teñen que axustarse ao nivel curricular do alumnado.